

**Addenda á programación:**

Segundo a Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022, e seguindo as aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ao respecto da citada Orde, cómpre modificar a Programación Didáctica do Departamento de Física e Química nos cursos de 2º ESO e 4º ESO no punto 10.3. Recuperación das partes non superadas na ESO, de xeito que na páxina 130 quedan eliminados os últimos 3 parágrafos:

*"O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido:*

- *Para o alumnado que xa teña superadas as tres avaliacións parciais, proporáanse actividades de ampliación que serán avaliadas mediante os instrumentos antes mencionados e poderán computar ata un máximo de 1 punto, que se sumará á nota media das tres avaliacións parciais, obtendo así a nota da avaliación final e polo tanto, a nota final da materia.*

- *Para o alumnado que teña algunha/s avaliación sen superar, deseñaránselle actividades de apoio e reforzo dos estándares non superados, así como probas obxectivas da/s avaliación/s non superada/s que lles permitirán recuperalas, segundo se indica na táboa seguinte:"*

No seu lugar debe ir o seguinte parágrafo:

*"Nalgún momento, antes do 21 de xuño, despois de ter rematados a avaliación da 3ª avaliación, o alumnado que teña algunha avaliación sen superar e polo tanto non estea en disposición de aprobar o curso terá que presentarse a unha convocatoria final en xuño, como se detalla na seguinte táboa. A realización de dita proba non interrumpirá o normal desenvolvemento do curso, agás o día que se realice. Nese día o alumnado que teña a materia superada e non teña que realizar a proba realizará actividades de consolidación e reforzo"*